

Festa do Emigrante de Val do Dubra

A Festa do Emigrante chega con actividades para todos os públicos

Val do Dubra échese de música, maxia e deporte do 31 de xullo ao 2 de agosto

MARIO FAJARDO

Val do Dubra, un concello que no seu momento sufriu unha notable emigración ao estranxeiro deixando importantes espazos baleiros, prepárase para celebrar un ano máis a súa tradicional Festa do Emigrante.

Hoxe, esa realidade cambiou, pois Val do Dubra está a recibir unha crecente inmigración que contribúe a recuperar esos ocos, renovando a vida social e cultural da localidade. Esta festa reflicte a esencia da comunidade, sempre ligada á migración,

e aposta pola acollida, a convivencia e o orgullo de identidade.

O Concello de Val do Dubra celebra outra edición da súa tradicional Festa do Emigrante, que anima a veciños e visitantes a participar en diferentes actividades para todos os públicos desde onte e ata mañá sábado.

Onte comezaron os festexos coa Festa da Cervexa e os espectáculos dos grupos Leite con Jalletas, Dous Homes e Un Terzo e DJ Mr. Vieito.

Hoxe, a partir das 13.00 horas, terá lugar o acto oficial de inicio das festas



O alcalde de Val do Dubra, 1º pola esquerda, e a concelleira de Cultura, 1ª pola dereita, na presentación da Festa do Emigrante.

coa agrupación local Regueifa, fronte á Casa do Concello. Ás 16.30 horas comezará un dos pratos fortes: o Jran Prix, un xogo de probas no que participan case 250 persoas distribuídas en 18 peñas, fomentando o espírito de

En Val do Dubra viven 214 inmigrantes procedentes de diferentes países

grupo, a continuidade xeracional e o apego ao territorio. Xa pola noite, a música correrá a cargo das orquestras Charleston, Origen e Disco EME Music.

O sábado arrancará cun torneo de petanca, que conta coa participación de xogadores de todos os niveis e idades, e o pasarrúas da charanga A Santa Compañía. Ás 13.00 horas celebrárase a tradicional sardiñada popular no Campo da Feira, acompañada dun pasarrúas previo e a final do torneo de petanca organizado polo Clube de Petanca Val do Dubra.

Xa pola tarde, haberá torneo de xadrez aberto a persoas non federadas, o espectáculo de maxia *Maxia entre liñas* con Dani García, e ás 19.00 horas dará comezo o Torneo de Fútbol do Emigrante, que nesta edición contará cunha visita moi especial: Donato, ex xogador do Deportivo da Coruña e exemplo de emigrante que fixo de Galicia o seu fogar. O encontro enfrontará á S.D. Dubra co R.C. Deportivo da Coruña na súa categoría xuvenil de división de honra.

A festa pechará pola noite coa actuación da orquestra Finisterre, seguida do concerto do grupo Monoulous DOP, que introduce música en galego e de autor, e rematará cunha gran celebración co DJ Marcos Magán.

EMIGRANTE 2025 VAL DO DUBRA

Venres, 1 Agosto

12:00 - Misa Solemne
13:00 - Acto oficial de inicio das festas diante da Casa do Concello con **REGUEIFA**
16:30 - **Jran Prix**
23:00 - Verbena coas orquestras: **Origen**
Charleston e **Disco EME Music**

Sábado, 2 Agosto

11:00 - Torneo de Petanca detrás da rúa Arcai
12:30 - Pasarrúas coa charanga **A Santa Compañía**
13:00 - Sardiñada popular no Campo da Feira
13:30 - Final do Torneo de Petanca no Campo da Feira. Charanga **A Santa Compañía**
17:00 - Torneo de Xadrez na rúa Arcai
18:00 - *Maxia entre liñas* con Dani García na rúa Arcai
19:00 - Torneo de Fútbol *Emigrante*:
S.D. Dubra - R.C. Deportivo da Coruña (Xuvenil div. de honor)
23:00 - Verbena coas orquestras:

Finisterre e **Monoulous DOP**
Disco EME Music con **Marcos Magán**

Festa do Emigrante de Val do Dubra

Mil primaveras máis para unha festa que pon a mirada no futuro

Redacción

As Festas do Emigrante de Val do Dubra, que se celebran dende hai uns 40 anos, son un dos eventos máis significativos do concello. O tenente de alcalde dubrés, Antonio Negreira, destaca que «son festas de acollida, de reencontro de falar de futuro», especialmente nun concello que sufriu unha importante migración nos últimos anos. «Agora somos un concello que está recibindo xente de outros países que veñen suplir

esa perda de poboación», explica. A colaboración da hostalería e do comercio local é fundamental para o éxito destas celebracións. Negreira afirma que «estamos satisfeitos coa colaboración, para eles tamén é unha oportunidade de vender os seus produtos e mostrarse a un sector de xente da contorna». Así, as festas convértese nun motor de promoción do concello e das súas potencialidades. O programa inclúe verbenas e orquestras, pero o tenente alcalde su-

bliña a importancia do acto inaugural: «Fálase con xente que retorna, que explica por que volveu a Val do Dubra; é un acto moi simbólico, pero tamén de realidade deste momento». Para el, este acto «dálle contexto a unha festa como esta, que ten un título tan importante como a Festa do Emigrante». En canto á organización, Negreira pon en valor o esforzo do concello e do persoal: «A concelleira de Cultura, Celsa Oreiro, está facendo un gran



Antonio Negreira, tenente de alcalde.

esforzo» e, aínda que ás veces é necesario recorrer a servizos externos, «a maioría do traballo faise desde o departamento municipal de Cultura e cos traballadores dos que dispón o Concello». Tamén destaca o apoio desinteresado de Protección Civil.

Val do Dubra conta con importantes recursos naturais e patrimoniais que cada ano atraen máis visitantes, como a Pedra do Home, o Castelo de Portomeiro, o miradoiro do Picoto de Rial ou a fervenza do Rexedoiro. Negreira pon en valor esta contorna e amósase optimista: «Cada vez hai máis xente que visita o Val do Dubra e quen pasa por aquí queda impregnado polas características naturais». Por último, asegura que «a festa do emigrante vai seguir sendo un referente» e que o seu obxectivo é implicar «a todos os sectores da poboación, aos novos, aos maiores, aos que están fóra...». Afirmo con convicción que, aínda que cambien as formas, «a festa terá mil primaveras máis».



Gándara clínica dental

C/ Santo Domingo de la Calzada, 1-A. 2ªA | 15701 Santiago de Compostela | T.: 981 596 745
C/ Arcai, nº 52, baixo | 15873 Bembibre. T.: 981 889 773
clinicagandara@gmail.com

C-15-002933



Paramos Val do Dubra

608 092 830
facturacion@maceiroa.es



M y G
GASOLEOS.S.L



CENTRO ÓPTICO DEUS
VISIÓN E AUDICIÓN

Rúa Arcai 53 - 15873 Bembibre, Val do Dubra (A Coruña)
981 889 717 | dubra@centroopticodeus.com ES-15-000286 / ES-15-001342

Rúa de Vista Alegre 112 - 15075 Santiago de Compostela (A Coruña)
981 587 088 | santiago@centroopticodeus.com E-15-001405



INSATEL

Insatel Instalaciones s.l.

Arcai, 124 Bajo D - Bembibre - 15873 Val do Dubra (A Coruña)
Tls. 981 892 934 - 629 845 252 | info@insatel.com | www.insatel.com



Eva Barreiro
clínica dental

C/ Arcai 72, Bembibre 15873 Val do Dubra
info@clinicadentalevabarreiro.com
www.clinicadentalevabarreiro.com
881 307 445
604 180 707

Nº colegiada: 15001217
Registro sanitario: C-15-004894



Talleres NOYA

Manuel Noya Fraga
info@talleresnoya.com
Tif. 981 889 378

Rúa Río Dubra, 19 Bembibre
15873 Val do Dubra
A Coruña

@talleresnoya
talleresnoya
www.talleresnoya.com



VW
SKODA
SEAT
CUPRA
AUDI

TALLERES BALEATO



DACIA

Rúa Arcai, 3
Bembibre - Val do Dubra
T. 981 889 310
www.talleresbaleato.com



Asegur Baleato

Asesoría laboral, fiscal, contable e seguros
Alquiler y venta de viviendas

Gestoría BA Baleato
ROMINA PESCHEL CARRACEDO
Licenciada en Administración y Dirección de Empresas

SEGUROS:

- * Automóviles
- * Hogar
- * Vida
- * Empresas
- * Pensiones
- * Comunidades
- * Agrarios

Gestoría Administrativa:

- * Transferencias
- * Matriculaciones
- * Tarjetas Transporte
- * Permisos Armas
- * Sanciones
- * Tramites ITV

T. 981 889 287 • F. 981 892 713 • C/ Arcai, 25 - 1º Bembibre | 15873 Val do Dubra (A Coruña)